



Apoiar o BNG para avanzar cara a soberanía nacional e a xustiza social

No vindeiro 21 de Outubro celebráranse eleccións ao Parlamento de Galiza. Desde o Movemento Galego ao Socialismo entendemos que a participación electoral é necesaria para a loita que se ten que desenvolver no eido institucional, un aspecto máis da loita pola transformación social e a conquista da soberanía da nosa nación. É óbvio que hoxe esta participación, e dadas as moi limitadas competencias autonómicas, trata non sobre a apertura de posibilidades revolucionarias inmediatas senón de ou validarmos o rumbo que nos leva ao desemprego, á profundización da crise e a destrución dos servizos públicos e a lingua, ou **favorecer desde as institucións o labor de resistir e enfrontar a ofensiva españolista e do capital.**

“A forma en que sairemos desta crise política e social dependerá da forza que teña o nacionalismo galego”

É pois ese prisma baixo o que se debe xulgar a participación electoral e polo que, como colectivo integrante da fronte patriótica, o BNG, **chamamos a dar máis forza ao BNG neste 21 de Outubro.** O desaloxo do PP das institucións autonómicas é imprescindible para mudar as políticas de recortes e empobrecimento que están a aplicar. Mais o verdadeiramente importante será derrotar esas políticas de dereita, agora aplicadas polo PP nos gobernos autonómico e central, mais antes tamén polo PSOE no goberno do Estado, e garantir que as políticas desenvolvidas desde as institucións se sitúen frontalmente contra os recortes sociais e non do lado deles.

Moitas das diagnoses que só o BNG sostivo fronte aos que quixeron a súa integración no sistema móstranse mais certas que nunca: a UE como instrumento do capital e a súa negativa incidencia nos nosos sectores produtivos que se viña sumar á opresión nacional no Estado, e polo tanto, a ligazón existente entre a necesaria soberanía política do noso país, a democracia e

a mudanza de modelo económico e social. Así o mostrou opoñéndose ao Tratado de Maastricht, e reiteradamente despois ao Tratado de Lisboa, ao Tratado Constitucional, e nos últimos tempos ao Tratado de disciplina fiscal xa nesta crise, que afogará máis os pobos. O BNG, nestes anos de saqueo, apoiou as folgas xerais convocadas desde a CIG en solitario ou con outras organizacións, **opúxose na rúa e nos parlamentos a todos os recortes sociais:** o repagamento e a eliminación da atención sanitaria gratuita a emigrantes indocumentados, as reducións de persoal público de sanidade ou educación, ao incremento do IVE, á rebaixa salarial e ao roubo da paga extraordinaria... e mesmo desde as institucións que goberna está aboando esa paga, opoñéndose ás instrucións que emanan desde o real decreto estatal.

Estamos ademais perante un contexto estatal onde á crise social provocada polo capital engádesse unha crise política onde as organizacións soberanistas de Cataluña e Euskal Herria achéganse notabelmente a unha correlación de forzas favorábel a **unha ruptura do marco xurídico-político antidemocrático vixente e á construción de Estados propios,** algo que se verá reflectido nos procesos electorais que se desenvolven tamén nestes países. É preciso que, fronte á deriva recentralizadora do españolismo que se pode agudizar fronte ás aspiracións de liberdade dos povos, **Galiza conte con forzas propias o mais fortalecidas posíbel, nas institucións e na rúa, que teñan claro que que só coa soberanía, conquistada desde a autoorganización, poderemos construír un modelo económico favorábel ás clases populares,** e así llo transmita ao pobo galego. A forma en que sairemos desta crise política e social dependerá da forza que teña o nacionalismo galego, e da clarezza do seu programa, actividade e estratexia política neste importante e decisivo período: reforzar o BNG é pois, imperativo e urgente.

Imperativo e urgente xa que o BNG é a máis útil ferramenta política da esquerda e do nacionalismo neste país, e a única candidatura nacionalista e de esquerdas deste proceso

eleitoral. As propostas do BNG céntranse pois en avanzar cara a soberanía nacional e a xustiza social enfrontando as políticas que nos teñen levado até aquí: o BNG defende explicitamente no seu programa electoral, como medidas prioritarias, o reforzo da iniciativa pública, en particular na banca e en sectores como a enerxía, o naval, o téxtil e o automóbil, financiada por medio dunha reforma fiscal progresiva; o impulso da democracia co establecemento de novos instrumentos de participación e garantindo que todos os votos teñen o mesmo valor; e **o recoñecemento do dereito de autodeterminación** e a presenza directa de Galiza no ámbito internacional; alén doutras declaracións de profunda raizame anti-imperialista, como a oposición á integración europea ao servizo do capital e a defensa dunha política exterior antagónica do imperialismo impulsado pola OTAN, orientada á paz e á convivencia entre nacións.

Así pois, neste 21 de Outubro as e os independentistas e revolucionarios organizados dentro do BNG chamamos o pobo galego a apoiar as súas candidaturas para levar a voz das rúas ao Parlamento, para aumentarmos así a loita contra as políticas de dereita, acumulando forzas para avanzar cara a soberanía e o socialismo.

Para facerlles frente

Gobernemos nós a nosa terra !

